

# A intercooperación en 10 claves

O SELO DAS COOPERATIVAS

espazo coop  
unión de cooperativas galegas



Título orixinal: A INTERCOOPERACIÓN EN 10 CLAVES © 2023

### **TEXTOS**

Teresa Balado Barciela, Nuria González Rodríguez, e Ramón Rodríguez Padín  
(Equipo Técnico de EspazoCoop)

### **DESEÑO E MAQUETACIÓN**

Catro Ventos Editora S. Coop. Galega

Unión de Cooperativas Espazocoop  
Rúa do Hórreo, 104, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña  
<http://espazo.coop>



Esta obra comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

A *Guía d'A Interooperación en 10 claves* de Espazocoop enmárcanse no programa de actuación 2023 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



# Índice

Cooperativas	Páx. 4
Que é a intercooperación?	Páx. 6
Por que intercooperar?	Páx. 8
Tipoloxías de intercooperación	Páx. 10
Condicións para intercooperar	Páx. 12
Como abordar a intercooperación?	Páx. 14
A práctica da intercooperación	Páx. 16
Coidar a intercooperación que se establece	Páx. 22
Que facilita a intercooperación?	Páx. 24
Como avanzamos na intercooperación?	Páx. 26
Para mostra un botón: experiencias cooperativas	Páx. 28
Fontes de información consultadas e bibliografía	Páx. 36

# 1. Cooperativas



# Empresas de participación e colaboración

Construír en común un proxecto empresarial dende a vía cooperativa implica que estamos ante empresas **centradas nas persoas**, empresas que pertencen ás integrantes, que as dirixen democraticamente para responder ás súas necesidades e a as-

piracións socioeconómicas comúns. Como empresas baseadas en valores e principios, priorizan a equidade e a igualdade. A fórmula cooperativa permite que as persoas creen empresas sostibles que xeran emprego e prosperidade a longo prazo.

Xestionadas por produtoras, consumidoras, usuarias ou traballadoras, as cooperativas réxense pola regra «Unha persoa socia, un voto». Poder participar dos beneficios segundo a contribución e dispor do dereito democrático a tomar parte nas decisións da empresa é a súa identidade. Así o din a Alianza Cooperativa Internacional, que é a voceira das cooperativas de todo o mundo, e a Lei de cooperativas de Galicia.

Historicamente, na primeira revolución industrial de Europa, as cooperativas xurdiron como unións de persoas traballadoras que colaboraban por obxectivos comúns, polo que na orixe xa existe **a colaboración como máxima de conduta**.

# Que é a intercooperación?

**Está na identidade das  
cooperativas, no seu principio  
«Cooperación entre cooperativas»**


As cooperativistas teñen como referentes os valores éticos de honestidade, actitude receptiva, responsabilidade social, transparencia e respecto.

Os **principios cooperativos** son as directrices mediante as que as cooperativas poñen en práctica os seus valores, e entre elas tamén se contempla a colaboración. Así o di o sexto principio, «**Cooperación entre cooperativas**»:





**As cooperativas fortalecen os seus proxectos e o movemento cooperativo traballando con outras organizacións e estruturas locais, nacionais, comunitarias e internacionais.**



A intercooperación é o segundo paso natural despois da creación da cooperativa.

Trátase dun principio que diferencia as cooperativas doutras formas de sociedades mercantís. O **compromiso coa cooperación entre cooperativas** é o selo da empresa cooperativa, pois non só son entidades empresariais, senón tamén entidades sociais de persoas que

deben relacionarse dun modo positivo con outras cooperativas e non dende unha competencia comercial desenfreada. Seguindo pautas de anticompetencia, buscan que as cooperativas colaboren unhas con outras en mercados competitivos mediante a formación de grupos cooperativos, cooperativas de segundo grao e federacións co fin de acadar vantaxes e **crear riqueza común para beneficio mutuo.**

# Por que intercooperar?





# Por estratexia, por principios, porque hai razóns

Coa práctica da intercooperación pódense acadar obxectivos de tipo social, ideolóxico e político ou de mellora empresarial e económica.

A intercooperación con metas sociais e políticas estímase como **estratexia fundamental para a defensa dos dereitos das cooperativas** e a proxección desta fórmula empresarial cos seus valores cooperativos cara ao exterior.

A intercooperación orientada a obxectivos de mellora empresarial e económica permite resolver a contradición entre as necesidades de medranza empresarial e aumento de competitividade no mercado que impón a globalización, e a eficiencia dos pequenos grupos organizativos, onde se acada unha maior participación e implicación das persoas traballadoras. **As cooperativas deberán intercooperar para resolver este problema e situarse en puntos de alto valor engadido.**

**Exercer a intercooperación dá acceso a maior información e maior capacidade de adaptación ao mercado.**

# Tipoloxías de intercooperación

Tendo en conta a **finalidade** que se procure coa intercooperación, esta pode ser de diferentes tipos:

## 1 Económica ou empresarial

Para mellorar a posición no mercado das cooperativas e entidades da economía social e solidaria.

## 2 Social

Para levar á práctica o valor da solidariedade.

## 3 Política

Para defender os intereses colectivos e incrementar a súa incidencia social.

Outras finalidades da intercooperación —e, polo tanto, de xeitos de intercooperar— son adaptarse e sobrevivir nunha contorna adversa e complexa ou facilitar a proactividade e que se xere socialización e relación entre elas.

Tendo en conta a **actividade** das cooperativas e organizacións implicadas, distinguimos estes tipos:

## Horizontal

entre entidades do **mesmo sector de actividade** na procura de economías de escala (redución dos custos de produción, distribución e comercialización; mellor posición de negociación ou aumento de dimensión).

### Exemplo

As cooperativas agrarias (viño, horta, leite...) ou un mercado de abastos.

### Exemplo

Para un sector educativo: actividades de docencia, material educativo ou soportes TIC; para o sector de consultoría: complementariedade en actividades de xestión empresarial, proxectos europeos, impacto ambiental ou contratación pública; para proxectos de casas de persoas maiores: unha plataforma multiservizo; para o sector do marisqueo: unha plataforma de xestión de datos.

## Vertical-complementaria

entre entidades de **actividades diferentes**, mais complementarias na oferta de produtos-servizos, habilidades e coñecementos. Cada unha das entidades implicadas ten unha vantaxe nunha etapa concreta do ciclo do sector de actividade ao que están vinculadas (produción, distribución ou consumo).

## Simbiótica-multisectorial

entre entidades de **sectores diferentes con capacidades e competencias complementarias** na procura dunha mellor posición no mercado das implicadas grazas a que se comparte información, procesos, tarefas, coñecemento da contorna, marca, solvencia financeira etc.

### Exemplo

Unha cooperativa de segundo grao que ofrece servizos de aloxamento ou coidados ás súas socias.

# 5. Condiciones para intercooperar



## Que precisamos?

### ○ **Reciprocidade**

de xeito que exista un reparto equilibrado na relación en canto a riscos, custos e beneficios entre as entidades que intercooperan.

### ○ **Confianza mutua**

para minimizar e resolver os conflitos e prever estratexias oportunistas. Os requisitos para que se dea esta confianza son o cumprimento dos compromisos, a xenerosidade e a paciencia na relación entre as partes que intercooperan.

### ○ **Cultura organizativa similar**

tomando como referencia os valores cooperativos (axuda mutua, autorresponsabilidade, igualdade etc.) co fin de consensuar e poñer en práctica as formas de facer, así como de minimizar os conflitos e viabilizar o proxecto e o proceso de intercooperación.

### ○ **Achega de recursos**

é dicir, estar en disposición de dedicar tempo e, ás veces, diñeiro, e, por tanto, tamén en disposición de compartir riscos.

### ○ **Sinerxías positivas**

entre as entidades que pretenden intercooperar, a partir dunha necesidade ou un obxectivo común (económico, social ou político) e cunha forte motivación por parte das implicadas para acadalos.

# Como abordar a intercooperación?

## Dun xeito informal

- Desenvolvendo e facilitando accións e espazos que favorezan o coñecemento mutuo e a confianza (xornadas, encontros etc.).
- Realizando proxectos micro, iniciativas pequenas, colaboracións de baixas dimensións.

## Dun xeito formal

Formalizando e a través dun acordo verbal, escrito ou doutro tipo con validez xurídica.





# A práctica da intercooperación

## Dun modo informal ou formal

Na práctica da intercooperación existen niveis diferentes segundo a **relación** e os **obxectivos** das cooperativas. A partir do grao de relación existente, establecerase se hai necesidade de buscar un modo de formalizala.

1

### **Intercooperación cun grao de relación baixo**

Pequenas accións de intercooperación, con acordos verbais e colaboracións puntuais (por exemplo, relacións comerciais con entidades cooperativas e da economía social e solidaria).

2


### **Intercooperación cun grao de relación medio**

colaboracións máis habituais, sistemáticas, compartindo de modo máis estable actividades e recursos, con acordos internos e procedementos ou protocolos acordados previamente.



## Intercooperación cun grao de relación alto

Implica asociarse, buscando un modelo máis formal ou xurídico que dea soporte ao tipo de cooperación que se busca. Supón formalizala con algún tipo de contrato e mesmo compartir recursos ou investir neles (por exemplo, crear cooperativas de segundo grao, asociacións, unións temporais de empresas —UTE—, asociarse, afiliarse ou xerar unha organización representativa do sector).



# Métodos e soportes para intercooperar

## ● Pacto

Concerto ou tratado entre dúas ou máis partes que se comprometen a cumprir o estipulado.

## ● Acordo

Convenio entre dúas ou máis partes; resolución tomada entre varias persoas ou comunidades.

## ● Convenio

Aquilo que se convén ou acorda, particularmente entre institucións e de maneira máis formal.

## ● Contrato

Acordo legal entre dúas ou máis partes polo que se obrigan a cumprir certa cousa.

## ● Asociación

Agrupación de persoas constituída para realizar actividades colectivas de forma estable, organizadas democraticamente e sen ánimo de lucro. É preciso tres ou máis persoas físicas ou xurídicas, que se denominan *promotoras* ou *fundadoras* e que deberán outorgar a acta de constitución e aprobar os estatutos da asociación.

O dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución está regulado na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, de aplicación a todas as asociacións sen fins lucrativos que non estean sometidas a outra normativa específica.

## ● Fundación

Entidade con personalidade xurídica que carece de ánimo de lucro. O seu patrimonio componse de achegas de persoas doantes (tamén denomi-

nadas *patróns*) e as súas funcións e finalidades establécense no obxecto social dos seus estatutos, coidando do seu patrimonio como medio para a consecución dos seus fins.

Aínda que carecen de ánimo lucrativo, as fundacións poden exercer actividades comerciais ou lucrativas como persoa xurídica que enriqueza o seu patrimonio para un mellor cumprimento do seu fin.

### ● **Convenio intercooperativo**

Son unha modalidade de colaboración económica entre cooperativas.

Na Lei de cooperativas de Galicia, a Lei 5/98, o artigo 111.5 fai referencia aos acordos intercooperativos, pero unicamente para as cooperativas agrarias: «As cooperativas agrarias poderán subscribir con outras da mesma clase os acordos intercooperativos que correspondan, para o cumprimento dos seus obxectos sociais. En virtude destes acordos, a cooperativa e as súas persoas socias poderán realizar operacións de subministración ou entrega de produtos ou servizos na outra cooperativa; tales feitos terán a mesma consideración que as operacións cooperativizadas desenvolvidas coas propias persoas socias e non como terceiras persoas».

O artigo 79.3 da Lei estatal de cooperativas contempla os acordos intercooperativos do seguinte xeito: «As cooperativas poderán subscribir con outras acordos intercooperativos en orde ao cumprimento dos seus obxectos sociais. En virtude deles, a cooperativa e os seus socios poderán realizar operacións de subministración, entregas de produtos ou servizos na outra cooperativa asinante do acordo, tendo estes feitos a mesma consideración ca as operacións cooperativizadas cos propios socios. Os resultados destas imputaranse na súa totalidade ao fondo de reserva obrigatorio da cooperativa».

### ● **Cooperativa de segundo grao**

A que integra cooperativas da mesma ou distinta clase e outras persoas xurídicas públicas ou privadas, sempre que non superen o 25 % do total de persoas socias, e que teñen por obxecto promover, coordinar e desen-

volver fins económicos comúns das súas entidades membros, así como reforzar ou integrar a actividade económica delas.

Ningunha persoa socia destas cooperativas poderá posuír máis do 50 % do capital social da cooperativa de segundo grao. Tamén poderán integrarse en calidade de persoas socias nas cooperativas de segundo grao as persoas socias de traballo.

Cando a cooperativa se constituía con fins de integración empresarial, os estatutos determinarán as áreas de actividade empresarial coordinadas, as bases para o exercicio da dirección conxunta do grupo e as súas características.

### ● **Cooperativa de servizos**

A que integra persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia.

Teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos, e a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións das súas persoas socias.

Para o cumprimento do seu obxecto social, poderán desenvolver calquera actividade económica ou social.

### ● **Agrupación de interese económico**

É unha persoa xurídica mercantil e está regulada na Lei 12/91 de 29 de abril. A súa finalidade é facilitar o desenvolvemento ou mellorar os resultados da actividade dos seus socios, sen que teña ánimo de lucro para si mesma. O seu obxecto limitarase exclusivamente a unha actividade económica auxiliar da que fagan os seus socios, sen que poida posuír directa nin indirectamente participacións en sociedades que sexan membros seus, nin dirixir ou controlar directa o indirectamente as actividades dos seus socios ou de terceiros.

As agrupacións de interese económico soamente poderán ser constituídas por persoas físicas ou xurídicas que desempeñen actividades empresariais, agrícolas ou artesanais, ou por entidades non-lucrativas dedicadas á investigación e por aquelas que exerzan profesións liberais.



## ● Unión temporal de empresas

É un sistema de colaboración que xorde entre diversas empresas por un tempo determinado ou indeterminado.

Poden ser socias as persoas físicas ou xurídicas. A unión constitúese para executar unha obra ou servizo concreto dentro ou fóra de España, e tamén se poderían realizar obras complementarias ao obxectivo principal.

Esta unión lévase adiante cando hai un gran proxecto que necesita da participación de profesionais de distintos ámbitos. Desta forma afórranse materiais e recursos, xa que varias entidades son as que achegan capital, profesionais, coñecementos etc.

Na práctica, trátase dunha figura moi usada, por ofrecer vantaxes tanto para a clientela e as consumidoras finais como para as propias empresas que forman a unión. O risco dos investimentos diminúe; por iso é unha figura moi usada en grandes obras. Está regulada na Lei 18/1982 de 26 de maio.

## ● Fusión

A fusión de empresas ocorre cando dúas ou máis organizacións independentes deciden unir os seus activos e pasivos para formar unha nova entidade e desenvolver unha actividade de forma conxunta, baixo un mesmo nome, estrutura e obxectivo.

A fusión é un procedemento de concentración empresarial que permite a agrupación de unidades de produción para así incrementar o tamaño e potencial das empresas. O fenómeno da concentración empresarial constitúe un dos mecanismos que lles permite ás empresas acadar maior competitividade, desenvolver estratexias de fortalecemento e diversificar as súas actividades económicas.

# Coidar a intercooperación que se establece



As principais dificultades no exercicio da intercooperación pasan polos problemas de **liderado**, a **disciplina do grupo**, o **ritmo** e o medo á velocidade.

### **Coidar dos espazos, máis formais ou informais**

Manter os espazos de encontro ou crear novos que xeren confianza e cohesión grupal, que diminúan posibles conflitos ou desigualdades de poder e, en todo caso, que sempre favorezan as relacións das persoas e as entidades.

### **Coidar as reunións e xuntanzas**

Planificar e xestionar as xuntanzas, antes, durante e despois. Preparar e enviar con anterioridade a información que se vai tratar, establecer obxectivos, recoller os acordos e avaliar cada certo tempo a eficacia e eficiencia das xuntanzas. Implica tamén xestionar as duracións das xuntanzas, as intervencións e as tomas de palabra, de xeito que sexan áxiles e non moi extensas; diminuírase así o esgotamento ou a desmotivación.

### **Coidar os tempos**

Recoñecer os ritmos e intensidades das implicadas e establecer horarios que faciliten a participación.

### **Coidar a comunicación: fluída e respectuosa**

Manter unha linguaxe común, unha liña comunicativa accesible e coñecida. Ser respectuosas nas conversas e intervencións, e traballar a escoita activa e a empatía.

### **Coidar os roles das persoas e entidades, responsabilidades e liderados**

Revisar tarefas, funcións e responsabilidades; rotar roles e responsabilidades para que todas as persoas participen, aprendan e se impliquen mellor. Establecer e revisar procedementos, as formas de tomar decisións e os regulamentos internos creados; formalizar estes caso de non existiren.

### **Coidar os conflitos**

Non evitar as situacións que poden ser motivo de conflito, negociando e mediando ante os problemas, fomentando o diálogo e buscando solucións que minimicen o conflito.

# Que facilita a intercooperación?

## Boas condutas

### **Intercooperar pouco a pouco**

- Coñecerse, intercambiar visións, ideas, principios e valores; obter re-  
troalimentacións e fomentar pequenas colaboracións ou intercambio de  
bens e servizos.
- Ir aumentando as colaboracións, buscar complementariedades, agrupar  
esforzos, facer equipos e compartir sinerxías.
- Pasar da colaboración á cooperación; a relación afiánzase e faise estable,  
e planifícanse ordenadamente e en equilibrio actividades, recursos etc.
- Elaborar acordos, procedementos ou protocolos de actuación, gober-  
nanza e organización segundo a cooperación se vaia facendo máis forte.
- Definir un modelo de gobernanza adecuado entre as partes, achegar  
recursos e outros aspectos, e comprometerse a unirse baixo unha fórmula  
regulada (asociarse).



## **Contar con cooperantes de perfís afíns**

Atopar afinidade entre as partes, a nivel cultural, de intereses e expectativas parecidas. Canto máis diferentes en dimensión e funcionamento sexan as entidades, máis difícil será dar con esa afinidade. Cando as formas de facer as cousas e os comportamentos das organizacións van en liñas paralelas, máis doado serán as relacións para intercooperar.

## **Ter unha misión e obxectivos comúns**

Ter clara a necesidade común que leva a establecer estas relacións e definir un acordo de intercooperación a partir de obxectivos comúns e das expectativas de ambas as partes.

## **Primar os valores cooperativos**

Primar a confianza, o traballo en equipo, a participación, a corresponsabilidade, a equidade, a información e a transparencia, así como a reciprocidade (con achegas similares e beneficios similares).

## **Tomar decisións consensuadas**

En toda organización, ter un sistema de gobernanza claro é moi importante para definir límites e non xerar confusións. Cómpre definir funcións e responsabilidades por medio de procedementos e acordos.

## **Atender aos coidados**


Boa comunicación, bo trato, relacións saudables e xestión das emocións, así como afrontar os conflitos e a mediación.

## **Facer seguimento e avaliación continua**

Cuestionar o proceso, avalialo positivamente e atender ós aspectos a mellorar. Cada certo tempo xuntarse para avaliar como se fai.



# Como avanzamos na intercooperación?





É importante poñer o foco en que aspectos poden levar a que a intercooperación non funcione ou fracase. Para que o proceso de cooperar entre cooperativas sexa un éxito, cómpre estar pendentes dalgúns sinais que poden poñela en risco e supoñer dificultades:

- Si  Non **Non atopar sinerxías entre as partes**
- Si  Non **Falta de comunicación**
- Si  Non **Mal liderado**
- Si  Non **Falta de información e transparencia**
- Si  Non **Desconfianza**
- Si  Non **Velar por intereses individuais e non colectivos**
- Si  Non **Niveis de recursos materiais, económicos e humanos moi diferentes**
- Si  Non **Non definir a gobernanza nin a organización do proxecto**
- Si  Non **Sistema de reunións non establecido ou con mala facilitación**
- Si  Non **Implicacións diferentes**
- Si  Non **Fins e beneficios desiguais**
- Si  Non **Non elaborar protocolos nin acordos de colaboración**

As sinerxías deben ser positivas. As entidades e as persoas que as conforman deben facilitar e non entorpecer os procesos. A contorna e o contexto non deben ser tóxicos, senón conciliadores, de xeito que se respire un ambiente fluído e cómodo.

# Para mostra un botón: experiencias cooperativas



# Casos de colaboración entre cooperativas

## Contar cunha marca que garanta a calidade nos servizos de asesoramento para cooperativas

### MARCA EXPERT COOP

---

Asesoramento experto para cooperativas

#### **Cooperativas e organizacións implicadas:**

ACR, S. Coop. Galega — Algalia, S. Coop. Galega —

Unión de Cooperativas EspazoCoop — Xedega, S. Coop. Galega —

Xiama, S. Coop. Galega

#### **Práctica intercooperativa:**

A marca de excelencia en asesoría cooperativa Expert Coop está impulsada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop en colaboración cun grupo de cooperativas socias que pertencen ao ámbito asesor e consultor co obxectivo de necesidades comúns das cooperativas asesorías.

Colaborouse para crear esta marca que busca dotar de prestixio, calidade e solvencia os servizos de xestión e asesoramento que se prestan ás empresas cooperativas, un modelo empresarial que conta con particularidades e especificidades, e para as que cómpre ter coñecementos e experiencia especializada que non sempre ten o sector das asesorías xeral. Tamén busca poder comunicar e publicitar no mercado esta especialización, a pertenza a este grupo e distinguirse.

*Ligazón á nova en EspazoCoop*

*Ligazón ao vídeo Intercooperación EspazoCoop*

## Unha plataforma comercial para a venda de produtos e servizos de empresas enmarcadas no sector da economía social galega

### BEN MERCADO

---

Tenda en liña, a tenda da economía social galega

#### **Cooperativas implicadas:**

Cidadanía, S. Coop. Galega — Ítaca Software Libre, S. Coop. Galega  
O Cable Inglés, S. Coop. Galega — Xedega, S. Coop. Galega

#### **Práctica intercooperativa:**

Ben Mercado é unha plataforma dixital común de venda en liña na que entidades da economía social poñen en venda os seus produtos e servizos. Unha oferta sen fin de entidades que colaboran, entre as que se atopan cooperativas, sociedades laborais e iniciativas que poñen en práctica os valores da economía social: moda ética, produción ecolóxica, inclusión social, revitalización do medio rural, etc.

Ben Mercado é o lugar onde facer un consumo consciente a golpe de click, coñecendo en todo momento como conducen as súas actividades cada unha das empresas proveedoras. Con total transparencia e cun compromiso real co noso territorio e cos valores da economía social.

Os produtos e servizos de Ben Mercado están realizados respectando os principios da democracia e a igualdade. Detrás de cada un deles hai un proxecto de economía que busca unha sociedade máis xusta e sustentable.

*Ligazón Ben Mercado*

*Ligazón ao vídeo Intercooperación EspazoCoop*

## **Iniciativas culturais abordadas en común: unha serie documental elaborada por un grupo de cooperativas de distintas disciplinas**

### **MUSEO A CEO ABERTO**

---

Serie documental sobre arte urbana en Galicia

#### **Cooperativas implicadas:**

7 H Cooperativa Cultural, S. Coop. Galega —

Metrópolis, S. Coop. Galega — O Cable Inglés, S. Coop. Galega

#### **Práctica intercooperativa:**

O Cable Inglés promove o documental Museo a ceo aberto que retrata en sete capítulos a explosión que vive a arte urbana en Galicia. Baixo a dirección e guión do Cable Inglés e traballando con outras dúas cooperativas abordan a serie. Unha das colaboradoras é especialista no sector audiovisual, como é Metrópolis, e outra, 7 H Cooperativa Cultural, é coñecedora e organizadora dunha das iniciativas de arte urbana máis importantes: Delas Fest (na que participan mulleres artistas).

*Ligazón á canle cos vídeos*

*Ligazón ao vídeo Intercooperación de EspazoCoop*

## **Fomentar a transición ás enerxías limpas intercooperando entre sectores**

### **COMUNIDADE ENERXÉTICA DE TAMEIGA (MOS)**

---

A primeira comunidade de montes en crear unha comunidade enerxética de paneis solares en Galicia

#### **Cooperativas e entidades implicadas:**

Comunidade de Montes en Man Común de Tameiga —  
Coop57 SCC — Nosa Enerxía, S. Coop. Galega

#### **Práctica intercooperativa:**

A Comunidade de Montes de Tameiga (Mos) promove a montaxe de paneis fotovoltaicos para autoconsumo no seu centro socio-cultural e en dúas naves do polígono industrial que xestiona. Para abordar esta transición enerxética alíase coa cooperativa Nosa Enerxía, que comercializa enerxía de orixe renovable, e para poder financiar a iniciativa contan coa cooperativa de finanzas éticas Coop57, unha conxunción positiva para acadar o obxectivo e completar unha intercooperación intersectorial.

*Ligazón ao vídeo [Intercooperación de EspazoCoop](#)*



## **Elaborar produtos culturais en colaboración: un libro sobre o mundo submarino que fomenta a preservación do medio ambiente mariño**

### **ALÉN DO AZUL**

---

Libro do mundo submarino da ría de Vigo

#### **Cooperativas implicadas:**

13 Grados, S. Coop. Galega — Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

#### **Práctica intercooperativa:**

A cooperativa 13 Grados elabora o contido, as ilustracións, as fotografías e os vídeos ligados a códigos QR do libro Alén do azul, froito da súa actividade relacionada coa divulgación do medio mariño da ría de Vigo. Para materializar o libro, a editora Catro Ventos é a socia perfecta coa que colaborar. Un proxecto en común no que cada unha das partes elixe como provedoras a cooperativas para completar o proxecto.

*Ligazón ao produto*

*Ligazón ao vídeo Intercooperación de EspazoCoop*

## **Acadar condicións especiais e a medida para a contratación de seguros éticos**

### **PORTAL DE SEGUROS ÉTICOS PARA ESCOLAS COOPERATIVAS ASOCIADAS A ESPAZOCOOP**

---

#### **Cooperativas implicadas:**

Arç SCC — Sectorial de cooperativas de ensino da Unión de Cooperativas EspazoCoop (un grupo de 27 cooperativas)

#### **Práctica intercooperativa:**

Froito da colaboración entre a Sectorial de Ensino da Unión de Cooperativas e Arç Seguros Éticos e Solidarios, deseñouse un portal de seguros especificamente para as escolas cooperativas e os centros de ensino de economía social de Galicia.

O portal permite unha contratación práctica e sinxela dos seguros. Os produtos que se atopan no portal están pensados para responder ás necesidades e obrigas aseguradoras das escolas cooperativas. Para Arç, o seguro xestionado con criterios éticos e solidarios proporciona beneficios sociais que hai que facer agromar; Arç introduce así as prácticas propias da banca ética e o mutualismo no mercado de seguros.

*Ligazón ao portal*

*Ligazón ao vídeo Intercooperación de EspazoCoop*

## **Promover iniciativas de ocio, tempo libre e medio ambiente xerando sinerxias entre proxectos con intereses afíns e actividades complementarias.**

### **CAMPAMENTOS E ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE**

---

#### **Cooperativas implicadas:**

Aventeira, S. Coop. Galega — Scolé, S. Coop. Galega

#### **Práctica intercooperativa:**

Aventeira, cooperativa de educación e lecer, e Scolé, que tamén realiza actividade neste sector e conta con restaurante, albergue, museo e casa do queixo en Sobrado dos Monxes, intercooperan no desenvolvemento da súa actividade. Para Aventeira poder ofertar as súas iniciativas no espazo que Scolé ten no medio natural é unha vantaxe, e constrúen unha colaboración con beneficio mutuo moi positiva para ambas as partes.

*Ligazón ao vídeo [Intercooperación de EspazoCoop](#)*

As posibilidades da intercooperación son moitas máis. **Intercooperamos?**

# Fontes de información consultadas e bibliografía

## Algunhas fontes consultadas son:

- » Curso «Ecosistemas. Intercooperación como estratexia de fortalece-  
mento, crecemento e consolidación», Grup Ecos - Unión de Cooperativas  
EspazoCoop (2022)
- » *Manual de Intercooperación Equal*, Federación de Cooperativas Agrarias  
de Catalunya (2009)
- » Revista *Cooperativismo e Economía Social*, nº 17 (1998) *A Intercoopera-  
ción como principio estratéxico nas cooperativas*. Arcadi Vilert i Soler.
- » Páxina web da Alianza Cooperativa Internacional: <https://www.ica.coop/es>





